

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Eva Solla Fernández Fernández**, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**, relativa as ameazas á cidadáns e cidadás por parte do entramado protaurino en Triacastela.

O pasado 16 de agosto varios cidadáns foron increpados e ameazados por operarios que instalaban una praza de touros portátil na vila de Triacastela. Insultos que voltan sacar á luz o contido homofóbico e antisocial dunha ultraminoría que goza dun espectáculo de maltrato animal con subsidios públicos.

Ademáis de ofrecer “unas hostias” estas persoas ameazaron con romper o material de fotografía e grabación que portaban os activistas e onde se documentou a construción desta instalación sen esquecer berridos de “Arriba España”, o que tamén evidencia as escasas convicións democráticas de quen ameaza e vexa aos cidadáns e cidadás que cuestionan que a crueldade cara un animal poida ser considerada unha festa.

Non é a primeira vez que activistas son ameazados, como no caso da Coruña onde incluso foran perseguidos por individuos protaurinos, ou as continuadas vexacións que sofren algúns dos voceiros dos colectivos, aos que se lles califica de “nazis” en non poucas ocasións a través das redes sociais.

Pola sinalado, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- ¿Qué opinión lle merecen á Xunta as continuadas ameazas e agresións verbais que se reciben por cuestionar as touradas?
- ¿Pensa o goberno desenvolver algunha iniciativa para protexer a integridade física e moral da cidadanía fronte á violencia taurina?



- ¿Ten previsto actuar a Xunta fronte as actuacións que proveñen dos aficionados ás touradas?

En Compostela, a 21 de setembro do 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 21/09/2015 12:27:33**